# ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter extraordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 4 de setembro de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de D. MARCOS GUISASOLA PADÍN**, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D**. **GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA,** coa seguinte orde do día:

**1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do 24 de xullo de 2026.

**2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2026 (Expte. 2026001820)**

O presidente dá conta da concesión de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de actividades culturais no ano 2026, aprobada na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 14 de agosto de 2026. As entidades que reciben a subvención por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €), 290.000,00 € correspondentes a 200 asociacións e entidades da liña 1 e 60.000,00 € correspondentes 51 asociacións e entidades da liña 2, aparecen relacionadas nos documentos con CSV:MVT49KDUHEZN9KH6 e M1MD9WMF56LG8N7P respectivamente. Quedaron excluídas desta convocatoria na liña 1 un total de 9 solicitudes, que figuran co CSV: M812J2N5U146A5YL6.

As bases destas subvencións foron publicadas no BOPPO núm. 46, do 9 de marzo de 2026, co obxecto de definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión, seguimento e xustificación de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. A concesión das subvencións, por concorrencia competitiva, estivo suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.

**3.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (Expte. 2025080411)**



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DCXHY01BW87R84UU

O presidente dá conta da concesión de subvencións en concorrencia competitiva dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026, aprobada na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2026. As 15 entidades que reciben a subvención por un importe total de noventa mil euros (90.000 €), aparecen relacionadas a continuación e no documento con CSV: Q6SILBNEKZRZZPBA. Quedaron excluídas desta convocatoria 5 solicitudes, que figuran co CSV: 6NZ7KFWF34PFIMFT.

| Expediente | Terceiro estendido | Obxecto subvención | Presuposto | Solicitude | Valoración | Asignado | % Orzamento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2026028074 | SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU | Rehabilitación do edificio do foso de adestramento de remo de banco fixo | 13.340,40 € | 10.672,32 € | 83 | 7.884,14 € | 59,10% |
| 2026016384 | FUNDACION TRASLATIO | Restauración do buque museo de vapor Hidria Segundo | 12.500,00 € | 10.000,00 € | 79 | 7.504,18 € | 60,03% |
| 2026027399 | ASOC CULTURAL,DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS FASQUIA | 1ª fase da restauración do "Racú Paula" | 12.559,80 € | 10.047,84 € | 78 | 7.409,19 € | 58,99% |
| 2026030259 | MAR DA PEDRA DE AMIGOS DAS GAMELAS | Restauración de la gamela coruxeira "Rula" | 6.249,63 € | 4.999,70 € | 76 | 4.999,70 € | 80,00% |
| 2026027435 | ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS | Traballos pendentes de rehabilitación da Dorna Airexa. 3ª fase | 13.391,07 € | 10.712,86 € | 73 | 6.934,24 € | 51,78% |
| 2026028020 | ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA O GROVE | Colocación dun motor intraborda na embarcación "A Meca" | 14.003,46 € | 11.202,76 € | 72 | 6.839,25 € | 48,84% |
| 2026027427 | IDILICAMENTE | Restauración da Goleta "Evangelina Uno" | 13.404,38 € | 10.723,50 € | 72 | 6.839,25 € | 51,02% |
| 2026028651 | AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO | Proxecto de arranxo e mellora da dorna nai "surfeira" | 9.078,51 € | 7.262,81 € | 69 | 6.554,28 € | 72,20% |
| 2026028708 | ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONS TRADICIONAIS A TORRE | Traballos de mellora da dorna xeiteira "Rabandeira" | 2.329,98 € | 1.863,98 € | 69 | 1.863,98 € | 80,00% |
| 2026029578 | C. MARIÑO SALNÉS | Traballos de mellora na dorna "Muller de Balboas" | 12.516,66 € | 10.000,00 € | 67 | 6.364,31 € | 50,85% |
| 2026016387 | ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL DE BOUZAS | Adquisición de motor para a embarcación buceta "A Fanequeira" | 11.313,50 € | 9.050,80 € | 66 | 6.269,32 € | 55,41% |
| 2026018888 | ASOC CULTURAL CARAMUXO DA ILLA DE AROUSA | Restauración do Galeón "Daniel". 2ª Fase | 12.075,80 € | 9.660,64 € | 64 | 6.079,34 € | 50,34% |
| 2026029565 | A.D. CULTURAL DORNA | Conservación do galeón "Rei do Mar" | 11.676,50 € | 9.341,20 € | 63 | 5.984,35 € | 51,25% |
| 2026019314 | AMIGOS DAS EMBARCACIONS TRADICIONAIS | Equipamento dunha vela para dorna "Mareira I" | 4.537,50 € | 3.630,00 € | 62 | 3.630,00 € | 80,00% |
| 2026028046 | ASOC CULTURAL DS ILLA DE AROUSA | Substitución do motor da embarcación "San Pedro" | 19.765,76 € | 15.812,61 € | 51 | 4.844,47 € | 24,51% |

As bases destas subvencións foron publicadas no BOPPO núm. 44, do 5 de marzo de 2026, co obxecto de regular a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e á posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural. A concesión das subvencións, por concorrencia competitiva, estivo suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de noventa mil euros (90.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 26/332.3322.789.01.

**4.- Rogos e preguntas**

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

Firmado por: BEGOÑA FERNÁNDEZ LORENZO - ***3433**
Cargo: Técnica de xestión cultural
Data: 04/09/2026 13:01



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):DCXHY01BW87R84UU